



CIRCULAR 15/2011 DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACION, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA, POLA QUE SE DITAN INSTRUCCIÓNES PARA DETERMINADOS ASPECTOS DO FUNCIONAMENTO DOS CONSERVATORIOS ELEMENTAIS E PROFESSIONAIS DE MÚSICA E DE DANZA.

O Decreto 223/2010 do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia, permitiu a estes centros das ensinanzas de réxime especial dotarse dunha ferramenta de xestión propia e adaptada á súas necesidades específicas.

A Orde do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia, detalla cuestións do funcionamento destes centros necesarias para unha mellor eficacia do citado Regulamento orgánico.

Cómpre mediante esta Circular completar determinados aspectos referidos ao funcionamento específico destes centros, e a este efecto esta Dirección Xeral dispón as seguintes instrucións:

1. Dos departamentos didácticos

- 1.1. De acordo co previsto no artigo 23º do Decreto 223/2010, aos departamentos didácticos pertence o profesorado que imparte as especialidades que corresponden ás materias propias do departamento. Ase mesmo ao departamento adscríbense tódolos docentes que imparten alguma materia no mesmo, con independencia da súa pertenza a outro departamento.
- 1.2. Sen prexuízo da obriga de asistencia ás reunións de departamento de todos os membros que pertencen a el, os membros adscritos terán tamén a obriga de asistir ás sesións correspondentes.
- 1.3. Co obxecto de facilitar a asistencia ás reunións dos departamentos de todos os que o compoñen, sexa como membros pertencentes ou adscritos, no caso dos departamentos nos que existan membros adscritos, fixaranse horas de reunión que permitan a asistencia de todos os seus membros.
- 1.4. En aplicación do disposto no artigo 23º, punto 7, do Decreto 223/2010, cando nun centro non exista algún dos departamentos previstos no citado artigo 23º, poderase propoñer a creación de novo ou novos departamentos, mediante petición motivada perante a Inspección Educativa.



1.5. No caso de ausencia prolongada do xefe o xefa de departamento, e coa finalidade de dar continuidade aos asuntos de trámite do departamento, así como de aqueles que sexan de urgente tratamento, exercerá as funcións de xefe ou xefa de departamento o docente de maior rango e antigüidade que pertenza ao mesmo, segundo a prelación descrita no artigo 10, punto 5, Orde do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Da adscrición das materias a especialidades e departamentos.

- 2.1. As especialidades docentes recollidas no Real Decreto 989/2000 de 2 de xuño, xunto coas materias adscritas que alá se sinalan, quedan organizadas de acordo coa estrutura departamental establecida no Regulamento orgánico vixente segundo se indica no Anexo desta Circular.
- 2.2. As materias de: Análise, Novas Tecnoloxías Aplicadas á Música, Repentización e Acompañamiento, Piano Complementario, así como as materias propias de Itinerario, adscríbense ás especialidades que se sinalan na Disposición adicional Quinta, do Decreto 203/2007 de 29 de setembro, e consecuentemente aos departamentos en que se incardinan estas especialidades.
- 2.3. As materias de Idiomas Aplicados adscríbense á especialidade de Canto.
- 2.4. A materia de Educación Auditiva e Vocal adscríbese ao departamento de Linguaxe Musical.
- 2.5. As materias Optativas establecidas na Orde de 23 de setembro 2008, así como aquellas que se implanten en uso da autonomía pedagóxica dos centros, adscribiranse aos departamentos por acordo da comisión de coordinación pedagóxica do Centro.
- 2.6. As materias de Orquestra e Banda, adscríbense ao departamento de Conxunto, e serán impartidas por profesorado que as teña solicitado como materias afíns; de non existir este, serán asignadas pola dirección a aqueles docentes que reúnan o perfil académico máis axeitado, mediante resolución motivada.
- 2.7. A materia de Coro adscríbese ao departamento de Conxunto, e será impartida por profesorado da especialidade; no seu defecto, recibirá o mesmo tratamento que as materias de Orquestra e Banda.
- 2.8. A materia de Música de Cámara, adscríbese ao departamento de Conxunto.



3. Das titorías.

- 3.1. Nas ensinanzas de música dos graos elemental e profesional, a titoría de cada alumno ou alumna, corresponderá ao docente que lle imparta a ensinanza instrumental de rateo 1/1.
- 3.2. Nas ensinanzas de danza dos graos elemental e profesional de danza, a titoría de cada grupo será desempeñada por un profesor ou profesora con docencia nese grupo.

4. Dos rexistros de servizo docente.

- 4.1. En cada conservatorio disporase un libro de rexistro de entrada e saída do persoal docente, con unha liña por ítem, e no que constará cando menos en cada liña: nome do docente, hora de entrada ou saída, e sinatura do docente. O libro poderá substituírse por follas diárias debidamente diligenciadas. Igualmente poderá ser substituído por sistemas de supervisión informatizados de eficacia análoga ou superior. Será obriga da xefatura da estudios a supervisión e custodia do libro ou das follas diárias, ou do funcionamento e informes dos sistemas informáticos substitutivos, no seu caso.
- 4.2. Con independencia do libro de rexistro de entrada e saída do persoal docente do centro ou sistema de eficacia análoga, en cada conservatorio disporase un libro de rexistro de realización de gardas, de formato similar ao descrito no punto 4.1. anterior, engadíndose un espazo para anotación de incidencias durante a garda, se as houbese.

5. Das probas de acceso.

- 5.1. O acceso aos graos elemental e profesional de música e de danza, desenvolverase conforme ao establecido na normativa vixente.
- 5.2. No se poderá formalizar a matrícula simultaneamente en máis de un conservatorio, agás naqueles casos nos que se estea a cursar máis de unha especialidade, e así sexa obrigado en razón da oferta formativa dos centros nos que se estean a cursar.
- 5.3. Para a realización da proba de acceso ao grao profesional, os centros poderán poñer a disposición dos candidatos un servizo de pianista acompañante atendido polo profesorado que teña esta función no curso correspondente. Corresponde aos centros determinar as condicións e organización deste servizo no seu caso.
- 5.4. No caso de acceso a outros cursos que non sexan o de 1º de grao elemental ou de grao profesional, os tribunais das probas correspondentes unha vez examinado o candidato ou candidata, poderán determinar a pertinencia da matrícula nun curso distinto,



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela

Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

atendendo á suficiencia académica demostrada na proba. A dirección do centro, vista a proposta do tribunal, poderá modificar o curso ao que se oferta a praza, atendendo ademais a outras consideracións como a dispoñibilidade de recursos, equilibrio da oferta do centro, etc.

6. Da mobilidade do alumnado.

6.1. O cambio de centro por traslado de matrícula viva rexerase polo disposto na normativa de aplicación, e estará supeditado ademais aos seguintes requisitos:

- Acreditación do cambio de domicilio do alumno ou alumna ou dos titores, no caso de alumando menor de idade ou non emancipado ou causa considerada suficiente e análoga que xustifique o cambio de centro por razóns de proximidade e/ou accesibilidade.
- Existencia de prazas vacantes no centro ao que se pretende o traslado.

6.2. Sen prexuízo da competencia decisoria do consello escolar en materia de admisión de alumnado, cada conservatorio elaborará e aprobará por acordo do consello escolar, un protocolo de acceso, no que se estableza o procedemento e condicións de acceso para o trámite das solicitudes de traslado por matrícula viva.

6.3. O alumnado que superase a proba de acceso nun centro de titularidade pública, e non acadase praza, poderá solicitar o traslado a outro centro de titularidade pública para a mesma especialidade e curso, sen necesidade de ter realizada a matrícula no centro no que realizou a proba, matriculándose directamente no centro de destino, no caso de ser admitido o traslado.

7. Do alumnado oínte.

Os centros poderán autorizar a asistencia en calidade de oíntes a determinadas materias a aqueles alumnos ou alumnas que o soliciten, atendendo ás necesidades de formación e mellora dos mesmos, e en función das dispoñibilidades de recursos do centro. Para asistencia como oínte requirirase autorización expresa dos titores, no caso de alumnado menor de idade.



Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2011

José Luis Mira Lema

Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
É ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela

ANEXO I

CADRO DE ADSCRICIÓN DE ESPECIALIDADES DOCENTES E MATERIAS AOS DEPARTAMENTOS DEFINIDOS NO DECRETO 223/2010.

DEPARTAMENTO	ESPECIALIDADE DOCENTE	MATERIAS NAS QUE TEN COMPETENCIA DOCENTE*
Tecla	Acordeón	Acordeón Música de Cámara Conxunto
Corda Pulsada	Harpa	Harpa Música de Cámara Conxunto
Canto	Canto	Canto Música de Cámara Conxunto
Vento Madeira	Clarinete	Clarinet Música de Cámara Conxunto
Música Antiga	Clave	Clave Música de Cámara Conxunto
Corda	Contrabaixo	Contrabaixo Música de Cámara Conxunto
Conxunto	Coro	Coro
Vento Madeira	Fagot	Fagot Música de Cámara Conxunto
Vento Madeira	Frauta Traveseira	Frauta Traveseira Música de Cámara Conxunto
Música Antiga	Frauta de Bico	Frauta de Bico Música de Cámara Conxunto
Composición	Fundamentos de Composición	Harmonía
Música Tradicional	Gaita	Gaita Música de Cámara Conxunto
Corda Pulsada	Guitarra	Guitarra Música de Cámara Conxunto
Composición	Historia da Música	Historia da Música
Música Antiga	Instrumentos de Corda Pulsada do Renacemento e do Barroco	Instrumentos de Corda Pulsada do Renacemento e do Barroco Música de Cámara Conxunto



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela

Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

Corda Pulsada	Instrumentos de Puga	Instrumentos de Puga Música de Cámara Conxunto
Linguaxe Musical	Linguaxe Musical	Linguaxe Musical
Vento Madeira	Óboe	Óboe Música de Cámara Conxunto
Tecla	Órgano	Órgano Música de Cámara Conxunto
Conxunto	Orquestra	Orquestra Música de Cámara Conxunto
Percusión	Percusión	Percusión Música de Cámara Conxunto
Tecla ou Piano Acompañante	Piano	Piano Música de Cámara Conxunto
Vento Madeira	Saxofón	Saxofón Música de Cámara Conxunto
Vento Metal	Trombón	Trombón Música de Cámara Conxunto
Vento Metal	Trompa	Trompa Música de Cámara Conxunto
Vento Metal	Trompeta	Trompeta Música de Cámara Conxunto
Vento Metal	Tuba	Tuba Música de Cámara Conxunto
Corda	Viola	Viola Música de Cámara Conxunto
Música Antiga	Viola de Gamba	Viola de Gamba Música de Cámara Conxunto
Corda	Violín	Violín Música de Cámara Conxunto
Corda	Violonchelo	Violonchelo Música de Cámara Conxunto

*No caso de que se solicitase a creación de algún departamento a maiores, segundo o previsto no artigo 23º, punto 7, do Decreto 223/2010, o centro determinará na petición de creación a especialidade ou especialidades docentes que lle serían adscritas e as materias nas que tería competencia docente.